

# Homenaxe a María Victoria Moreno

Artigo e entrevista de Belén López na homenaxe a María Victoria Moreno. Está publicada no *Diario de Pontevedra* o 23 de xullo de 2001



**Consello da Cultura Galega**  
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

# “¡Que bonita está hoxe Pontevedra!”

A escritora María Victoria Moreno recibíu unha homenaxe o día da clausura da Feira do Libro na Ferrería

**“Gracias. Gracias. Moitas gracias”. Durante a homenaxe tributada pola organización da Feira do Libro de Pontevedra a María Victoria Moreno, a escritora e mestra case rematou por da-las gracias un por un a tódolos presentes. Por algo é unha das persoas máis queridas da cidade.**

BELÉN LÓPEZ

**Pontevedra** ♦ “¡Que bonita está hoxe Pontevedra!”, dixo María Victoria Moreno na praza da Ferrería. A cidade que a muller tanto ama vestíu as súas mellores galas para homenaxeala. As personalidades máis destacadas do mundo da cultura achegáronse pola tarde ata a Feira do Libro para saudar á que para moitos segue a ser a súa mestra e ata o sol saíu.

Ésta foi sen dúbida a Feira das Mulleres. Se Marilar Aleixandre exercía como madriña no acto inaugural do acontecemento literario, non se podía elixir mellor xeito de pechar a Feira que cunha homenaxe a unha das persoas máis queridas da cidade, María Victoria Moreno. No acto, a muller recibíu un ramo de flores e o ‘Premio da Feira do Libro’ das mans do presidente da Agrupación de Libreiros de Pontevedra, Manuel Seijas. As palabras de agarimo adicáronllas dúas persoas moi achegadas a ela, Xavier Senín e Fina Casalderrey.

Ámbolos dous personaxes encargados de presentar a homenaxeada coincidiron en destaca-las diferentes facetas de María Victoria Moreno como escritora, como mestra, como muller chea de bondade e xenerosidade en calquera cousa que fai. “Gracias a Xavier Senín por esas palabras tan bonitas que me adicou e a Fina Casalderrey, que é a escritora máis famosa de Pontevedra, e veu igual aquí para falar de min”, dixo a



María Victoria Moreno, no centro da imaxe, recibe a homenaxe tributada pola Feira do Libro // XAN XIADAS

protagonista da xornada. “Creo sinceramente que ésta é unha homenaxe xusta. Si señor”, engadiu María Victoria Moreno mentres botaba unha ollada ó seu redor, “porque ma tributa xente que é, case toda, máis nova ca min. Iso está ben porque moitos dos que eran máis vellos fixéronno pasar moi mal na cidade pola que eu sinto un amor eterno. A partir de hoxe Pontevedra é máis fermosa para min. E é así porque ata hoxe se me negara ese grolño de afecto que precisa todo corazón aquí onde me quedei sen pasaporte, onde sufrín un rexistro domiciliario, onde tanto chorei e sufrín. Por todo iso, gracias”. Tanto Senín como Casalderrey tamén mencionaron durante as súas intervencións unha das circunstancias máis curiosas da vida desta escritora xa pontevedresa,

que se trate dunha muller que tanto ten loitado por unha lingua que non é a súa xa que ela naceu nun lugar de Cáceres.

“Hai que facerlle unha homenaxe non só á escritora que é María Victoria Moreno senón tamén á mestra, á amante dos animais, á persoa xenerosa que dá todo o que ten e o que non ten, á que é amiga dos seus amigos e dos seus inimigos tamén, á esta muller cun riquísimo mundo interior”, dixo entre outras cousas Xavier Senín.

“Eu son das que xura que María Victoria é mestra de mestres”, afirmou Fina Casalderrey que contou un par de anécdotas que fixeron emocionarse a tódolos presentes coa grandeza de corazón da homenaxeada. “Eu teño a sorte de ser unha das persoas que coñece as cousas miudiñas que demostran a gran persoa que esta mu-

ller. Poño por caso o xeito que ten de repartir as crías que ten a súa cadela. Se vén unha rapariga a pedirle un dos canciños, ela preguntalle, ‘¿E ti para que o queres?’ A moza resposta, ‘Para quere-lo’. Adxudicado”, contou a escritora. “Pásame neste momento como aquel que quere ser poeta sen selo para adicarlle a alguén moi especial as palabras máis fermosas”, confesou Fina Casalderrey demostrando a alta estima na que ten á súa amiga.

María Victoria Moreno estivo na Ferrería para recibir a homenaxe tributada pola Feira do Libro, polos seus amigos e por tódolos pontevedreses. Antes de despedirse, dirixiuse cara os seus coñecidos e dixo, “Os vellos que me botaron terra enriba, morrerán”, e engadiu botando unha ollada ó redor, “pero imirade qué futuro”.

## Diario de Pontevedra

**Seica este recoñecemento é un alliciente máis para seguir adiante, máis aínda cando un ven de roubarlle catro anos á vida...**

-Síntome unha privilexiada. Teño sesenta anos, nacida en Sudán agora estaría morta. Eu tiven unha vida con moitas dificultades e problemas, por suposto a enfermidade non se pode entender coma un regalo, é un coñazo, os tratamentos que te desfán, que te poñen gorda, pero ó fin todo iso é *pecata minuta*. Por outra banda, tiven a sorte de poder facer moitas cousas, e cando Miguel Piñón, o meu médico, díxome tan ben o que me pasaba, entendín que era mala sorte pero que aí non acababa a vida, que hai que seguir loitando. Teño chorado moito nesta vida, por desamores e cousas así pero polo cancro non verquín nin unha bágoa ata hoxe.

### **E ¿cal é o segredo?**

-Cada un ten a súa fórmula. Suporto que hai vidas terribles que non teñen fórmulas para endereitalas. Eu o que teño é unha condición de ser que me permite gozar de todo. No inverno chove, tendo un teito a choiva é fermosísima. As flores, os nenos, os animais, a observación da natureza, os debuxos caprichosos que fan as nubes no ceo, ter a palabra, incluso ter unha profesión como a miña é unha festa. Estar sempre en contacto con xente nova, con xente que che contacta todo, dende a gripe ata a forza, a ilusión, distintos xeitos de ver a vida. Abúrome cos da miña idade porque son moi vellos.

### **¿Que queda da ilusión, da esperanza daqueles anos sesenta?**

-Os que eramos novos nos anos sesenta esperabamos que o mundo cambiase a mellor, fomos unha xeración chea de esperanza. Pero o mundo non cambiou a mellor, só hai que pensar na globalización e nas medidas que se tomaron contra os manifestantes. Ti mira o mundo das comunicacións, dende a túa casa podes ver ou escoitar calquera cousa de calquera outra parte do mundo pero se o que ves é que os ricos asoballan ós pobres coma sempre... iso é unha decepción. Moita xente da miña xeración hoxe vive moi ben pero outros quedaron tirados no camiño, hainos que son borrachos, hainos que se suicidaron, hai unha bohemia anacrónica, xente que vive coma sonámbulos nun mundo que non é deles, non é polo que loitamos.

### **¿E que pasa coas novas xeracións?**

-Os problemas agora non están ó alcance da man, se ti queres opoñerte á globalización o único que vas conseguir é que che peguen unha paliza e que te leven a durmir durante tres días a un hotel de cinco estrelas deses... o estímulo da loita nos sesenta parecía asequible, agora non. Sen embargo, teño a mellor opinión de tódalas xeracións que veñen detrás de min.

### **¿Como son os xóvenes de hoxe?**

-Ti ves nos institutos persoas formidables, persoas honestas, que se sacrifican, que teñen xestos de compañeirismo preciosos. Hai outros que están moi ben encardina-

dos neste sistema, os que tapan o exame para que o outro non copie. En tódolos tempos hai xente que vive sen importarlle un pemento nada, hai xente que vive pensando nela e escoitando as consignas dun futuro de 'ti tes que chegar máis lonxe ca min' e outros que traballan por amor ó saber, que buscan.

### **Pero ¿non cre que hoxe hai moita xuventude desmotivada, sen ilusión?**

-Hai moita xente nos institutos que están aí sen querer estar, eles non teñen a culpa. Ó mellor poderían estar nun centro como os alumnos de FP de antes, aprendendo outras cousas que lles fan servir para ser homes de ben e gañar o pan. ¿Por que teñen que aguantar clases de literatura se

chegan case sen saber ler? E claro, aí hai desilusión, desesperación, gamberrismo...

### **A LOGXE...**

-Claro. Simplemente con que a promoción non fose automática xa estaría. Ó longo de toda a ESO non teñen exames de setembro. Hoxe anque non saibas nada da igual, fíxeches terceiro, agora pasas a cuarto. Pero é que cuarto é difícilísimo. Entran entón nun ciclo vicioso terrible: os que van peor son os que teñen menos medios e claro, por ir peor, son peor tratados pola maior parte dos profesores, e por iso mesmo na casa non se lles di que ben te portaches... Hai moitos nenos que están tristes, viven cada día coma un duro trago, teñen que madrugarse sen sentido, que pasar frío sen

sentido, que aguantar rolos sen sentido. Logo vén o desencanto.

### **¿Cre que o máis importante na vida é ser boa persoa?**

-É un bo consello, porque cando ti es unha boa persoa tes coma unha frescura interior, tes unha flor intacta dentro que che pinta o mundo doutra color. Hai que ser bo no bo sentido, que dicía Antonio Machado. Con respecto a esta xente que é avariciosa hai un proverbio da África subsahariana que di: "o avaricioso é durante toda a vida vítima do que non ten". Sen embargo, se ti es unha boa persoa tes un código de valores distinto, non tes que pensar en diñeiro porque o importante é o agarimo e non tes que pensar en que che fagan reverencias cando o que importa é a acollida tenra.

## **OS QUE TRANSGREDIMOS NON SOMOS NECESARIAMENTE DELINCIENTES**

**Unha vez dixos que cando Pontevedra estivese gobernada polos seus alumnos sería perfecta, ¿como ve hoxe a cidade?**

-O alcalde que temos non foi o meu alumno pero ten idade de selo, para min a cidade hoxe é perfecta. Sen embargo penso que a esta sociedade aínda lle quedan moitas cousas por cambiar. Non podo entender, por exemplo, como pode haber rapazas novas que se presten na actualidade á presentación en sociedade no Casino. Foi precisamente a Pontevedra do Casino a que me rexeitou a min cando cheguei aquí. Ó primeiro non, porque era licenciada, profesora de instituto e neta dun alcalde e dun coronel... pero cando comencei a dar clases de galego en 'Amigos da Cultura'... a miña reputación voou coma o meu pasaporte. Non o entendo. Os que transgredimos non somos necesariamente delincuentes.

### **¿Que futuro colda que lle queda á lingua galega?**

-O futuro que os galegos traballen. É evidente que o galego nunca será unha lingua única no mundo, a globalización tende cada vez a menos linguas. Pero é unha lingua de cultura, que ten un pasado moi rico e pode recuperar o esplendor vivido no século XIII. A alma de Galicia non ten outro camiño para florecer que a lingua galega.